



Os fillos do pai



Xosé María Álvarez Blázquez

O Pai dos fillos

O 2008 está dedicado á figura e á obra de Xosé María Álvarez Blázquez, un escritor marcado pola tarxedia da guerra civil ao que a Real Academia Galega (RAG) lle dedica o Día das Letras Galegas. Elo brillante nunha cadea familiar que desde o século XIX se mantén estreitamente unida á Cultura galega, Álvarez Blázquez fundou así mesmo unha estirpe de creadores: os poetas Xosé María e Celso Álvarez Cáceamo, o novelista Alfonso Álvarez Cáceamo e a pintora Berta Cáceamo. Xuntos compoñen unha das páxinas máis fermosas e comprometidas no activismo das últimas décadas, un testemuño que Revista das Letras quere recoñecer con este monográfico, unha homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez a través do traballo dos seus fillos. Con eles, abrimos o 2008, limiar dos 363 días que nos quedan por diante para que ti, lector, ames máis do que é lícito amar.

De esquerda a dereita, en primeira fila, *Colorín*, María Luísa Cáceamo con Berta no colo, Helena e Xosé María Álvarez Blázquez. Detrás, Alfonso, Celso e Xosé María. A instantánea, a única probablemente que teña a familia ao completo, foi sacada en decembro do 1963.

Monólogo

[Celso Álvarez Caccamo 2007]

Três paradas mais. Que frio. Que traqueteio. Este bus é como um barco. Barco arruinado, pero barco. Sempre o mesmo. Hoje a que estamos. A vinte e cinco. Não, a vinte e três. Quedam-me trinta. Trinta entre oito, não, entre sete, hoje já não conta. Trinta são quatro, quatro e pico. Leite, um. Pão, um. Que peixe haverá amanhã? Ou polo. Não, polo já foi ontem. Jurelos, patacas fritas, acelgas. Acelgas a Vanessa não lhe gustan. Pero é o que hai. É o que hai, filhinha. Hai que comê-las. Recolhê-la às duas. Comida feita. Comida já feita. Por que não lhe gustará a verdura. Se é boa, o repolo não. As acelgas. Tenhem hierro, vitamina. Duas paradas. Agora os trastes, a fregona, a bata azul, os ténis cheirentos... A vassoira, o pano amarelo, os líquidos de cores, o carrinho, limpa-cristais, papel higiénico, esponjas, xabom, esprais, pano para os cinzeiros, chave mestra, frio, ruído das tubarias, que raro, como um monstro. Quatro horas, de seis a dez, que sempre é mais, ainda bem que somos várias, o último chiste, Paca traerá o olho morado outra vez. Mulher, por que não o deixas?, é um bruto. Não sei, às vezes é tan bueno... Recolher tudo, em ordem, tudo limpinho, em ordem, desligar as luzes, sempre fechar as portas, sempre bater às portas, pom pom, ¿Se puede? o outro dia mira o gordo como não abria e então estava a mocinha essa dentro ao seu lado, a de pêlo riçado, deve ser secretária, ou chefe, não se sabe, ¿Se puede?, e o gordo a arranjar a chaqueta, Sí pase, pase, Fulanita entonces acábame eso ¿eh?, Pase pase, e eu, É um momento namais, o suelo hoje não toca. E o gordo, seboso, como me mira sempre... Uma parada mais... Longa... Vanessa, a pobrinha... As acelgas. Amanhã haverá acelgas? Já quixera ela ter pai, como as demais. Pero na escuela. Na escuela sente-se rara, claro. Cabrão do Quico! Mira que sou parva! Colgar-me dele! Pero bueno, vamos indo, como dizem. Vamos indo. Outras estão pior. À Carminha botaram-na. Disque roubou. Quê roubou nem quê...! Como se houvesse o que roubar aí. Não hai nada que roubar! Uma cousa é encontrar câmbio, no chão, nos banhos, a gente que vai cagar, e cai dos petos. Ou querem que devolvamos isso também? Cabrões! E outra cousa é uma pulseira, como aquela de ouro, que tinha algo gravado. Apareceria a dueña? Seguro que nem apareceu. Para isso que quedara eu com ela. Pero umas moedas! Umas moedas tiradas! Pero fam o que querem. Fam o que querem com nós. E depois dizem que queda mal. Que no está limpio. Limpio y Reluciente,


dizem. Que se uma mancha aqui, que se os suelos peganhentos, que se os banhos fedem. E sobretudo o pó. Que se pega. Que el polvo se pega. Claro, como fixeram o edifício! Os materiais. Que as xaboneiras se atascam. Que não trabalhamos, que falamos demais. Que o Filipe não tinha que choiar com um guócmán. E isso quê? E quê se choia com um guócmán? Eu não que não me gusta a música, vamos, não pra trabalhar. Pero ao Filipe tenhem-lhe tírria porque é do sindical. Oxalá Quico. Já lhe dera a Quico ter esse choio. O do Filipe. Pero Quico era um vago. Seguirá sendo. Um vago, um vagonetas. Um preguiçoso, como di Vanessa... Cabrão! E ao melhor hasta com Vanessa, quando era cativa... Vanessinha... Não quero nem pensá-lo! Quico do caralho! Melhor que marchara. Pero tocou-me a mim sola. Vamos, que não me importa, como me vai importar!, é a minha filha. E uma filha... Uma filha é uma filha. Pobrinha. Pobrinha ela, não eu. Pero não o esperava. Já mo dixeram, que o Quico era um tal... e um qual... Pero eu nada, como uma parva. Enconada, o'sá, empirolada. Empirolada, diziam. Há!, empirolada! Se polo menos... Bueno, mentres durou durou. Pero isto... Isto não o esperava. A fregona, a gamuza, o esprai, a bata azul, o pano amarelo, o papel higiénico, os limpadores... Como se fosse funcionária, como eles. Funcionária do Mijo. Há!, Funcionária do Cu e da Caca. Senhora Funcionária dos Pelinhos Asquerosos de Picha... Olha aí, ti: Boas Tardes, Dona Maria dos Pelinhos Asquerosos de Picha! Como Está Vostede, Dona Paca dos Condões Usados? E nós a escachar a rir!... Total, por uma miséria... Porque é uma miséria, não me fodas. É algo, pero é uma miséria. Que outras estão pior, sim. E quê? E eu quê? Todos os traballos dignifican, dizem no sindical. Já, por uma miséria... Dia trás dia trás dia... Por uma miséria... A ver se Vanessa... Vanessa, Vanessinha. Não sejas coma mim, eh? Ti sê lista, eh? Ti estúdiame muito, fai-me os deveres que agora volvo, eh? Porque mira que é lista. Tira todas com sobressaliente. É lista demais a rapariga! E que bem fala! Preguiçosa não, como di ela. De preguiçosa nada. As mates, sociais, tudo... Não sei a quem sairá. Porque ser é do Quico, isso seguro. Caralho se é do Quico. Outro não houve. É-che cravadinha a ele. Por fora, vamos, que por dentro... Por dentro é uma santinha. De pau... Uma santinha!... Enfim... A parada... Aqui estamos... Final do Trayecto... Caralho se vai frio hoje, que pêlo mais grassento tenho, case que cheira, quando foi a última vez que fum à pélu?, demasiado... Total, pra quem me vê...

Dúas imaxes do pai

[Berta Cáccamo 1996-2006]

4 | **rDL**
Galicia Hoxe 03/01/08





O pai que nunca dorme [Xosé María Álvarez Cáccamo 1987]

Na alta noite ferida que é símbolo da túa
escura casa aberta, recobro aquel costume
do teu insomnio claro, esas horas sen número
idénticas a ti. Vexo chegar auroras
co teu rostro de lúas agredidas de fósforo
no leito entre cupresos. Vexo voltar a voz
con que enchías o soño de poemas e cábalas.
Estou contigo insomne, sentindo como o tempo
leva as cores unívocas dunha chaira de prata
e dun mar sen peiraos. Alta noite deserta
por onde pervagabas e compuñas proxectos.
Un era eu, o fillo, escrito con palabras
do teu soneto insomne. E agora, para sempre,
desperto en noite branca, ti es o meu proxecto:
un pai que nunca dorme.

Nova carta ao meu pai [Alfonso Álvarez Cáccamo 2007]

Esvaiuse o sol. Ouvea o meu can.
Lembranza a lembranza, o meu mar devala.
Non chegan as chuvias pero a terra cala.
Teño un teito firme e non falta o pan.

A árbore espida, aferrada ao chan,
farfalla entre as brisas unha escura fala.
¿E a tristura miña? Decidín deixala
afogar nas ondas despois do verán.

Deberás saber, pai, que neste inverno
desde o que che falo, teño todo o ser
máis forte que outrora, e ando namorado.

Entrarei contigo no poema eterno
que cantas *á dona pra un fondo querer*
e non sairei nunca do verso soñado



Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915) era fillo de María Blázquez Ballester e Darío Álvarez Limeses, o “médico dos pobres”, asasinado no 1936 durante a represión franquista. O seu tío Xerardo Álvarez Limeses era poeta e o seu avó, Emilio Álvarez Jiménez, escritor xa en galego. Dous dos seus irmáns foron tamén homes de letras –Emilio poeta e Darío novelista– e Álvaro debuxante.



Álvarez Blázquez casa en Vigo, no 1946, con María Luísa Cáccamo Frieben (xuntos na fotografía). María Luísa era de pai italiano e nai austríaca. A primeira filla do matrimonio nace no 1948 e chámase como a nai, aínda que será coñecida familiarmente como *Colorín*. A ela dedícalle Blázquez os poemas de *Roseira do teu mencer* (1950). *Colorín* morreu en 1970.



Xosé María Álvarez Cáccamo, o segundo fillo do matrimonio, nace en 1950. Na súa xuventude, revélase como poeta, nunha das traxectorias máis aprezadas por crítica e lectores da poesía galega contemporánea. Xosé María Álvarez Cáccamo é tamén narrador e dramaturgo, ademais de autor de poemas obxectuais, expostos en distintas cidades galegas.



Alfonso Álvarez Cáccamo naceu no 1952. De vocación literaria tardía, Alfonso comeza a publicar a finais dos anos oitenta até converterse nun dos renovadores da narrativa galega dos noventa. Desde finais desa década, adéntrase tamén no ámbito da poesía. El é o autor da única biografía do seu pai, publiciada por Ir Indo no 1994.

A cuarta filla de Álvarez Blázquez e María Luísa Cáccamo é Helena, que nace no 1954.



Celso Álvarez Cáccamo naceu en 1958. É sociolingüista e milita activamente na corrente do reintegracionismo ortográfico. Ademais de distintas publicacións académicas, moitas delas en inglés –estudou en Buffalo e Berkeley–, é autor de varios poemarios, o primeiro deles –*Os distantes*– publicado no 1995.



Berta Álvarez Cáccamo –máis coñecida como Berta Cáccamo– é o pechacancelas da familia. Naceu no 1963 e, a diferenza dos seus irmáns, escolleu a expresión plástica, ámbito que tamén transita Darío Álvarez Basso, o seu curmán. Berta Cáccamo está considerada unha das pintoras máis radicais e persoais do panorama galego das últimas décadas.